



NOTA DE PRENSA

O Colexio de Biólogos de Galicia celebrará o Día do Biólogo 2017 o vindeiro día 16 de maio

Serán recompensados os colexiados que levan 25 anos inscritos

Tamén serán homenaxeados, Biólogo e Empresa do Ano e Membro de Honra

Santiago, 8 de maio de 2017.- O Colexio de Biólogos de Galicia (COBGA) celebrará o Día do Biólogo no Pazo de Adrán (Calo-Teo) o próximo 16 de maio. Será ocasión de encontro e de compartir experiencias e especialmente para recoñecer e agradecer o seu esforzo a aqueles colexiados que levan xa 25 anos no colexio.

Este ano entregaranse tamén as seguintes distincións, a proposta e elección dos colexiados:

- **Biólogo do Ano. Fernando Cobo Gradín.** Profesor titular de Zooloxía na Universidade de Santiago. Fundador e Director da Estación de Hidrobioloxía Encoro do Con, da propia USC, cunha tripla e xa recoñecida vocación de docencia, investigación e divulgación do coñecemento sobre ecosistemas de augas continentais.

- **Empresa do Ano. La Voz de Galicia,** polo seu programa Voz Natura, dado o seu relevante papel de divulgación ambiental entre alumnos e profesores, fomentando actitudes cidadáns positivas cara o medio ambiente.

- **Membro de Honra. Emilio Rolán Mosquera.** Doutor en Bioloxía e experto mundial en taxonomía de moluscos mariños. Un dos malacólogos máis citado do mundo, posuídor dunha excelente colección de cunchas (25.000 lotes catalogados), na actualidade depositada no Museo de Historia Natural Luis Iglesias, da USC.

O COBGA está formado actualmente por perto de mil trescentos colexiados e creouse en 1987. O 60 % son mulleres.